



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local  
Expte.1840/1102

## **ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓNS ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE FEBREIRO DE 2025.**

- 1.- **APROBACIÓN ACTAS:** sesión extraordinaria e urxente do 4 de febreiro e ordinaria do 7 de febreiro de 2025.

### IGUALDADE

- 2.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o ano 2025. Expte. 13542/224.

### MEDIO AMBIENTE

- 3.- Expediente de contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna de VigoNature. Expte. 12639/612.

### PATRIMONIO HISTÓRICO

- 4.- Proposta de aprobación do proxecto do “XI Programa de pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana”. Expte. 12307/307.

### RECURSOS HUMANOS

- 5.- Nomeamento de persoal funcionario interino por substitución transitoria dos seus titulares na categoría de administrativo/a de Administración xeral. Expte. 45199/220.
- 6.- Rectificación de erros e nomeamento de persoal funcionario de carreira de dúas prazas de policía local: Oferta emprego público 2023. Expte. 45814/220.
- 7.- Nomeamento de persoal funcionario de carreira dunha praza de programador informático: Oferta de emprego público 2017-2018-2019. Expte. 45729/220.

### SERVIZOS XERAIS

- 8.- Proposta de aprobación do proxecto de “Reparación do muro de contención de terras da piscina municipal das Travesas”. Expte. 6545/443.
- 9.- Proposta aprobación do proxecto de “Pavimentación do entorno da rúa Brasil”. Expte. 6583/443.

### URBANISMO

- 10.- Aprobación definitiva dos Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación do Polígono 3 do PEPRI de Bouzas. Expte. 5312/401.
- 11.- Modificación do contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 7061/241.
- 12.- Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnos de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria: curso 2025-2026. Expte. 277291/301.
- 13.- Adxudicación da contratación do servizo de apoio e asesoramento técnico para a execución do Plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas no marco do PRTR – Next Generation EU. Expte. 8661/104.
- 14.- Rogos e preguntas.